

## **Bases reguladoras para a concesión de axudas para o pago de subministracións enerxéticas no Concello de Moeche.**

Primeira.- Obxecto e réxime da subvención:

O día 23 de outubro de 2023 apróbase en Xunta de Goberno Local as bases reguladoras para a concesión de axudas para o pago de subministracións enerxéticas no Concello de Moeche para o ano 2023.

Esta convocatoria ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión de axudas de tipo social para as familias máis vulnerables e/ou en risco de exclusión social a facer fronte ao pago de subministracións enerxéticas ante a imparable subida do prezo da enerxía eléctrica.

Constitúe o obxecto destas bases a regulación das axudas que o Concello de Moeche lle outorgará, mediante concorrencia non competitiva, polo procedemento previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.- Beneficiarios/as

Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas que cumpran os seguintes requisitos xerais:

- a) Persoas maiores de 18 anos ou menores emancipados/as.
- b) Empadroadas en Moeche nos últimos 6 meses anteriores a convocatoria da axuda.

Ademais destes dous requisitos deben cumprir polo menos un destes:

- c) Ser beneficiarias do Bono Social de Electricidade das diferentes comercializadoras de electricidade, como mínimo nos 3 últimos meses anteriores á convocatoria da axuda.

Para os que, non sendo beneficiarios do bono social, cumpran con algunha das seguintes condicións:

- d) Que a súa renda ou a renda conxunta anual da unidade de convivencia a que pertenza sexa inferior ou igual ao 2 X IPREM de 14 pagas. Cando a súa unidade de convivencia estea formada por máis dunha persoa, o multiplicador de renda respecto ao índice IPREM de 14 pagas se incrementará en:

- 0,5 por cada membro adicional maior de idade que conforme a unidade de convivencia
- 0,75, por cada menor de idade da unidade de convivencia.

IPREM MENSUAL: 579,02 IPREM ANUAL X 14 PAGAS =  
8.106,28 €

- e) Que a persoa consumidora ou todos os membros que teñen ingresos na unidade de convivencia sexan pensionistas do Sistema da Seguridade Social (xubilación ou incapacidade permanente) e perciban a contía mínima vixente en cada momento,

para ditas clases de pensión, e non ter outros ingresos cuxa contía agregada anual supere os 500 euros.

- f) Que a persoa consumidora ou algún membro da súa unidade de convivencia sexa beneficiario do Ingreso mínimo vital, conforme ao establecido na Lei 29/2021, do 20 de decembro, pola que se establece o ingreso mínimo vital.
- g) Que a persoa consumidora ou algún membro de súa unidade de convivencia sexa beneficiario ou sexa perceptor da RISGA, conforme ao establecido na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

#### Terceira.- Dispoñibilidade orzamentaria

Para o financiamento das subvencións obxecto desta convocatoria existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 231-48000 ata un máximo de 8.000,00 euros.

#### Cuarta.- Contía

A subvención á que poderán acceder as persoas solicitantes será de 150 euros, nun único pago.

#### Quinta.- Solicitudes, prazos, lugar de presentación e documentación.

1. O prazo de presentación das solicitudes será de 15 días naturais contados a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia* a través da BDNS.
2. As solicitudes poderán presentarse telematicamente, a través da sede electrónica <https://moeche.sedelectronica.gal> ou presencialmente no Rexistro da Casa do Concello.
3. Para a presentación da solicitude terán que utilizarse os formularios normalizados.
4. Xunto co formulario de solicitude, a persoa interesada, en atención ao previsto no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas, deberán achegar:

#### Documentación xeral:

- a) Copia do DNI, ou documento identificativo, só no caso de non autorizar a consulta.
- b) Para todas as persoas beneficiarias, copia do certificado de empadramento do/a solicitante, só no caso de non autorizar a consulta.
- c) Certificado da conta bancaria onde a persoa solicitante da axuda conste como titular
- d) Declaración responsable de cumprir cos requisitos para ser beneficiario da subvención conforme a Lei xeral de subvencións e de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

#### Documentación específica:

- e) Para as persoas beneficiarias, incluídas na base 2, c), copia de 3 facturas da subministración eléctrica onde apareza recollido ser beneficiario/a do Bono Social. As 3 facturas serán as emitidas ata o mes anterior á convocatoria da axuda.
- f) Para as persoas beneficiarias, incluídas nas bases 2, d), e), f), e g) copia dunha factura da subministración eléctrica. A factura será emitida ata o mes anterior á convocatoria da axuda.
- g) Para as persoas beneficiarias, incluídas na base 2, d), deberán entregar copia da última declaración da renda, de todos os membros da unidade familiar.
- h) Para as persoas beneficiarias, incluídas na base 2, e), deberán entregar certificado que acredite a condición de pensionista de todos os membros da unidade familiar.
- i) Para as persoas beneficiarias, incluídas na base 2, f) e g), deberán presentar copia da concesión ou certificado que acredite que algún dos membros da unidade familiar perciben o IMV ou o RISGA respectivamente.

En todo caso, se por razóns técnicas e/ou informáticas non puidese ser posible a comprobación dalgún dos requisitos da persoa solicitante, o Concello de Moeche poderá solicitarlle que achegue a documentación probatoria, que será dixitalizada para ser incorporada ao expediente electrónico da solicitude.

En caso contrario, terán que ser rexistradas pola propia persoa solicitante a través dos medios electrónicos validamente recoñecidos no artigo 10 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

5. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, as persoas interesadas poderán dirixirse a Servizos Sociais do Concello de Moeche, con cita previa, en horario de 9 a 14 horas, de luns a venres. Esta posibilidade estará dispoñible ata as 14:00 horas do último día hábil do prazo de solicitude.

Sexta.-Procedemento de concesión de axudas e notificación.

A concesión das subvencións ás que se refire esta convocatoria realizarase nun único acto, **ata esgotar o orzamento previsto**. Segundo a orde de recepción das solicitudes e baixo os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

A instrución do procedemento corresponde aos servizos sociais municipais.

De acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, comezarse a instrución dos expedientes seguindo a orde de presentación das solicitudes de acordo co disposto no artigo 71.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

As solicitudes de subvención examínanse e serán outorgadas sempre que se cumpran os requisitos esixidos nesta convocatoria, que se indicará no informe proposta de servizos sociais, previo á concesión.

O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución e poderalle requirir á persoa solicitante que achegue

cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para tramitar e resolver o procedemento.

En todo caso, non se admitirán a trámite, ditarase a resolución de inadmisión e archivaranse as solicitudes que se presenten fóra do prazo establecido na convocatoria.

O acordo de concesión provisional notificarase aos interesados mediante anuncio público no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello de Moeche e na sede electrónica municipal na data seguinte a da aprobación polo órgano competente.

Concederase un prazo de 15 días naturais para presentar alegacións.

Sétima.- Xustificación da subvención e pago de subvencións.

En atención ao previsto no artigo 28.9 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, toda vez que a concesión da subvención está motivada pola concorrencia na persoa beneficiaria da circunstancia acreditada de ser maior de 18 anos ou emancipada, empadroada en Moeche e ser beneficiaria do Bono Social de Electricidade, non se requirirá outra xustificación que a comprobación xa realizada da situación que motiva a concesión da subvención, isto sen prexuízo dos controis que se establezan para controlar a aplicación do gasto segundo o procedemento descrito.

O Concello de Moeche poderá esixir aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto.

O pago das subvencións concedidas realizarase mediante transferencia bancaria, ao número de conta acreditado pola persoa solicitante.

Oitava.- Compatibilidade

A percepción desta axuda será compatible con calquera outra axuda concedida polo Estado, pola Comunidade Autónoma de Galicia ou por calquera outra administración.

Novena.- PROTECCIÓN DE DATOS

Décima. – Normativa supletoria

En todo o non disposto nestas bases seralle de aplicación á convocatoria e ás subvencións que se conceden ao seu abeiro, o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, os seus regulamentos de desenvolvemento no que sexa de aplicación á Administración local, así como a Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Moeche. E calquera outra lexislación aplicable en materia de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo.

Formulario de solicitude segundo o modelo:

### Axudas para o pago de Subministracións Enerxéticas do Concello de Moeche 2023

DATOS DA PERSONA SOLICITANTE						
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	PISO PORTA
CÓDIGO POSTAL						
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO				
DATOS DA SUBMINISTRACIÓN						
COMERCIALIZADORA DE ELECTRICIDADE				NIF DA PERSOA TITULAR (deberá coincidir coa persoa solicitante)		
REFERENCIA DA SUBMINISTRACIÓN				CUPS (Código unificado de punto de subministración)		
DECLARACIÓN XURADA						
A persoa solicitante declara baixo a súa responsabilidade que acepta as bases da convocatoria, que cumpre os requisitos esixidos por esta, que se atopa ao día das súas obrigas coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social, que non ten ningunha débeda co Concello de Moeche e que son certos os datos que constan na solicitude.						
Así mesmo declara que:						
- Non ten solicitado ningunha outra axuda para a mesma finalidade						
- Ten solicitado outra axuda para a mesma finalidade, aos organismos que se indican:						
AUTORIZACIÓN						
As persoas asinantes autorizan ao Concello de Moeche a comprobar a veracidade dos datos declarados na solicitude ou facer as consultas que procedan.						
Expresan igualmente o seu compromiso de informar ao Concello de Carballo sobre a concesión de calquera outra axuda pública ou privada para a mesma finalidade.						
- SI autorizo ao Concello de Moeche a comprobar a veracidade dos datos						
- NON autorizo ao Concello de Moeche a comprobar a veracidade dos datos						

Asdo.

Moeche a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023

## DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- Copia do DNI, ou documento identificativo, só no caso de non autorizar a consulta.
- Copia do certificado de empadramento do/a solicitante, só no caso de non autorizar a consulta.
- Certificado da conta bancaria onde a persoa solicitante da axuda conste como titular
- Copia das 3 últimas facturas de subministración eléctrica onde apareza recollido ser beneficiario/a do Bono Social
- Copia da última factura de subministración para as persoas que non son beneficiarias do Bono Social (bases 2, d), e), f), e g))
- Para as persoas beneficiarias, incluídas na base 2, d), deberán entregar copia da última declaración da renda, de todos os membros da unidade familiar.
- Para as persoas beneficiarias, incluídas na base 2, e), deberán entregar certificado que acredite a condición de pensionista de todos os membros da unidade.
- Para as persoas beneficiarias, incluídas na base 2, f) e g), deberán presentar copia da concesión ou certificado que acredite que algún dos membros da unidade familiar perciben o IMV ou o RISGA respectivamente.

De conformidade coa normativa vixente en materia de protección de datos, que o Responsable de Tratamento dos datos persoais é CONCELLO DE MOECHE, con dirección Rúa da Feira 32-San Xoán,15563, Moeche.

**1.- Finalidade do tratamento:** Os datos serán utilizados para prestar servizo solicitado na presente instancia, así como a xestión administrativa derivada do mesmo.

**2.- Prazo de conservación:** os datos facilitados conservaranse mentres se manteña a nosa relación e mentres non se solicite a supresión dos mesmos.

**3.- Lexitimación:** Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga coa firma da presente circular.

**4.- Destinatarios de cesións:** CONCELLO DE MOECHE poderá ceder os datos de carácter persoal ós profesionais doutros organismos cos que se coordinan para a correcta resolución do expediente. No caso de solicitude de subvencións ou outro tipo de axudas económicas, os datos persoais facilitaranse a todas as administracións públicas con competencia na materia, por ser xestoras das mesmas.

**5.- Dereitos:** CONCELLO DE MOECHE dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade en: [correo@moeche.gal](mailto:correo@moeche.gal) ou nas nosas instalacións.

Asdo.

Moeche a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023